

46

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

10 ou máis participantes
20 minutos

Paradeporte

Grupo. Coordinación

FUTBOLÍN HUMANO

MATERIAIS

Balón brando e portarías (ou material que faga de porterías).

ESPAZO

Espazo mínimo de 12x6m.

Se hai un campo que xa ten portarías, moito mellor.

DESCRIPCIÓN

Divídese o grupo en dous bandos. Os xogadores de cada bando situaranse no terreo de xogo collidos das mans ou ombros a imitación das varas dos futbolíns.

Debe haber como mínimo tres liñas de xogadores por equipo.

Cómpre un árbitro e non veñen mal un par de recollepelotas.

Unha vez dispostos no terreo de xogo, bótase a pelota ao ar.

Os grupos de xogadores, a imitación das varas nos futbolíns, poderán desprazarse lateralmente e lixeiramente cara adiante e cara atrás buscando pasarse entre si a pelota e marcar gol na portería contraria.

En ningún caso se poderán romper as ringleiras (soltarse das mans ou ombros, perder a forma da ringleira...).

No caso de que isto aconteza, o árbitro determinará unha penalización

